

ORDENANZA FISCAL 18 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 6. Cota tributaria

6. A cota quedará reducida a cero para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

6.1. O carácter desta redución é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

6.2. Os interesados que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo concello de Pontevedra debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.
- d) Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.
- e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.
- f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais:
 - 1. Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
 - 2. Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.

6.3. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

6.4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

6.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberánse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.

6.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do disfrute da redución da cota tributaria con efectos no mesmo bimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para o recoñecemento da mesma no novo domicilio.